

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2643/2023	A Xunta de Goberno Local	17/07/2023

MARÍA JOSEFA MARTÍNEZ BARROS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

EXPEDIENTE 2643/2023. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL DA ESTRADA. PRTR NEXT GENERATION 2023"

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a proposta de resolución PR/2023/1347 de 13 de xullo de 2023.

RESOLUCIÓN

Visto o expediente de contratación 2643/2023 e, concretamente, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 5 de xuño de 2023, polo que, en relación ao citado expediente, se acorda, entre outros, iniciar o procedemento de contratación e incorporar o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares e os informes xurídico e de fiscalización de Intervención.

Visto que foi incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- Prego de Prescricións Técnicas
- Informe xurídico da Secretaría.
- Informe de Intervención.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2023-0854, de 20 xuño de 2023.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:





Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato do subministro "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL DA ESTRADA. PRTR NEXT GENERATION 2023 " por procedemento aberto simplificado sumario, tramitación ordinaria así como o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello da Estrada en base á natureza e extensión de ditas necesidades, e a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados na memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación asinada en data 26 de maio de 2023.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación do subministro "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL DA ESTRADA. PRTR NEXT GENERATION 2023" mediante procedemento aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de data 26 de maio de 2023 así como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 23 de xuño de 2023.

Cuarto.- Aprobar o gasto polo importe de 52.724,30 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 0 330 62301. Proxecto: 2023 2 TEATR 22 1 MODERNIZACIÓN E XESTIÓN SUSTENTABLE IN

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes durante o prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da citada publicación.

Sexto.- Determinar a composición da Unidade Técnica para a valoración das ofertas, de conformidade co establecido no artigo 159.6 d) da LCSP, que estará integrada por Dna. Vanessa Rodriguez Varela (Administrativa do Concello) e D. Daniel Órrea Corral (Arquitecto Técnico municipal).

Sétimo.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante (Plataforma de contratos do sector público) de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP, así como o resto de documentación que dita plataforma esixe.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

